

## Adiviña a palabra

- A: \_\_\_\_\_ Instrumento ou máquina que serve para atacar ou defenderse.
- B: \_\_\_\_\_ Entrar na auga para lavarse, para nadar ou xogar.
- C: \_\_\_\_\_ Roupa de abrigo que cobre dende os ombreiros ata o van.
- F: \_\_\_\_\_ Que ten pouca forza ou pouca resistencia.
- E: \_\_\_\_\_ Lugar que se usa para vivendas, oficinas, colexios, etc.
- F: \_\_\_\_\_ Tempo que vén despois.
- G: \_\_\_\_\_ Máquina para levantar obxectos pesados e movelos dun lugar a outro.
- F: \_\_\_\_\_ Ir cara abaixo dentro da auga.
- I: \_\_\_\_\_ Territorio que está rodeado de auga por todas partes.
- X: \_\_\_\_\_ Persoa que xoga.
- Q: \_\_\_\_\_ Medida para pesar (equivale a mil gramos).
- L: \_\_\_\_\_ Envase de metal.
- M: \_\_\_\_\_ Froita de pel fina, amarela, verde ou vermella, de carne branca e dura.
- N: \_\_\_\_\_ Ningún día ou en ningún tempo.
- O: \_\_\_\_\_ Animal doméstico que ten el o corpo cuberto de la.
- P: \_\_\_\_\_ Andar por pracer ou para facer exercicio.
- Q: \_\_\_\_\_ Alimento sólido preparado con leite.
- R: \_\_\_\_\_ Poucas palabras que contan unha historia máis longa.
- S: \_\_\_\_\_ Calzado que non tapa todo o pé.
- T: \_\_\_\_\_ Parte da casa que a pecha pola parte de arriba.
- U: \_\_\_\_\_ Que non pode agardar.
- V: \_\_\_\_\_ Que é moi rápido.
- E: \_\_\_\_\_ Femia do elefante.
- S: \_\_\_\_\_ Pronunciar as palabras en sílabas.

## SINÓNIMOS E ANTÓNIMOS

Son **sinónimos** os termos ou palabras con un significado similar ou semellante e que nun texto son intercambiables sen que se altere o sentido deste.

### Actividade: localizar sinónimos

1 Que palabras do texto son sinónimas das seguintes: **cara, vacilar, parar, mirar, contento, paciente, morrer, afastar, deitar**? Coloca cada unha destas palabras no xénero, número ou desinencia verbal axeitados.

A muller camiña con présa e desencaixada. Busca con ansiedade ata que le: "**Sala de emerxencias**". Entra sen dubidar. Ninguén a detén. Todos están ocupados. Observa con atención ao individuo de verde e á muller de branco que traballan con ímpeto frenético. Fixa a súa ollada no **rostro** do home que xace sobre a **padiola**. Malia a **máscara** de osíxeno e do tinte violáceo reconéceo. É el. Non estaba **equivocada**! Intenta **avanzar** cara o **doente** pero dubida. Apámpana os rúidos dos aparatos. Sacode a incertidume. Avanza. Achégase con extraña sutileza. Despraza ao **médico** e á enfermeira. Pon a súa man no peito do **enfermo**; este lanza un agónico xemido e expira.

O médico pecha os ollos contrariado e a enfermeira queda tesa. Decepcionados, abandoan a loita.

2 Defíne as palabras do texto que están subliñadas.

Os **antónimos** son aquelas palabras cuxos significados son opostos entre sí. Por exemplo: luz- escuridade. Poden ser substantivos, adxectivos, verbos, ...

- A comida está **sosa**.
- O **frío** excesivo non é bo.
- O café está moi **frío**.
- **Non** é **fácil** saír de aquí
- A botella do aceite está **baleira**.
- **Achega** un pouco ese cinceiro.
- **Gastou** moitos cartos ese ano.
- Nesa corte hai un boi **bravo**.
- Este peixe está ben **cocido**.
- Se pos a folla **do dereito**, verala mellor.
- Sáfume unha liña ben **dereita**.
- Olla para o lado **dereito**.
- Hoxe tes cara de **enfermo**.
- Vou **vestir** a boneca

- **Perdeu** moito diñeiro no bingo.
- Enfrontáronse pola **compra** da casa.
- **Entrou** correndo por aquela porta.
- Hai que **castigalo** por esa acción
- Creo que vai **subir** o prezo do gas.
- Aquí sempre me **aburrín** moito.
- Sairemos ao **amañecer**.
- **Sempre** camiñaba atrás de nós.
- Cacei unha perdiz **macho**.

Indica os sinónimos e antónimos dos seguintes adxectivos:

*Sinónimo*

*Antónimo*

débil

torpe

delgado

recto

aposto

-Completa estas oracións cos adxectivos anteriores que conveñan:

- El namorouse de Laura pola súa fermosura: pareceulle a moza máis .....de toda a vila.
- Xoán é un .....: quixo amosarnos uns pasos de baile e caeu ao chan.
- Ese rapaz ten o nariz .....por culpa dun golpe que levou de pequeno.
- Despois da gripe aínda me sinto ..... É mellor que hoxe descanse na casa.
- Agora creo que estou demasiado .....: cáenme case todos os pantalóns.
- Ese dianteiro é boísimo: destaca por ser moi .....no manexo da pelota.
- Véxote moi .....: ben se ve que estás a levantar pesas todos os días no ximnasio.

Relaciona cada frase feita co seu significado.

**Frases feitas**

- A. Estar coas mans cruzadas.
- B. Estar nas mans de alguén.
- C. Encoller os ombros.
- D. Non ter pés nin cabeza.
  
- E. Caer de pé.
- F. Falar polos cóbados.
- G. Tomar a peito.
- H. Estar coa corda ao pescozo.

**Significados**

- Estar nun grave apuro ou problema.
- Falar moito.
- Ter sorte.
- Interesarse seriamente por algo; darlle moita importancia.
- Depender de alguén.
- Non facer nada.
- Sufrir con paciencia; resignarse.
- Estar mal feito ou non ter sentido

— Crea un breve texto no que introduzas, con sentido, algunhas das expresións anteriores.

**SOLUCIÓN**

1. A comida está salgada.
2. A calor excesiva non é boa.
3. O café está moi quente.

4. Non é difícil saír de aquí.
5. A botella do aceite está chea.
6. Ergueuse ás catro da mañá.
7. Aparta un pouco ese cinceiro.
8. Aforrou moitos cartos ese ano.
9. Nesa corte hai un boi manso.
10. Este peixe está ben cru.
11. Se pos a folla do revés, verala mellor.
12. Saíume unha liña ben torta.
13. Olla para o lado esquerdo.
14. Hoxe tes cara de san.
15. Vou espir a boneca.
16. Gañou moito diñeiro no bingo.
17. Enfrontáronse pola venda da casa.
18. Saíu correndo por aquela porta.
19. Hai que premialo por esa acción.
20. Creo que vai baixar o prezo do gas.
21. Aquí sempre me divertín moito.
22. Sairemos ao atardecer.
23. Sempre camiñaba diante de nós.
24. Sempre remata os discursos co mesmo saúdo.
25. Cacei unha perdiz femia.